

ENTROIDO 2017

Concello da Baña

BASES

O sábado, día 4 de marzo de 2017, terá lugar o desfile de comparsas e carrozas do Entroido, no que poderán participar libremente todas aquelas persoas que o desexen; outorgaranse os premios de acordo coas seguintes categorías:

PREMIOS CARROZAS

1º PREMIO: 400 €
2º PREMIO: 200 €
3º PREMIO: 100 €
4º PREMIO: 75 €

PREMIOS COMPARSAS

1º PREMIO: 400 €
2º PREMIO: 200 €
3º PREMIO: 100 €
4º PREMIO: 75 €

PREMIO DISFRACES INDIVIDUAIS/ PARELLAS

PREMIO AO MELLOR DISFRACE INFANTIL: 70 €
PREMIO AO MELLOR DISFRACE ADULTO: 70 €

NORMAS DE PARTICIPACIÓN:

1. A participación queda aberta a todas as persoas, asociacións, barrios, comunidades e colexios que o desexen.
2. Os/as participantes farán a súa presentación e confirmación no Concello da Baña, ata o sábado 4 de marzo de 2017 ás 16:00 horas.
3. As carrozas deberán ter unhas dimensións que lles permitan transitar con seguridade polas rúas da Baña sen dificultar o paso das persoas e outras carrozas.
4. Entenderase por comparsa a agrupación de máscaras ou disfraces e complementos dun número igual ou superior a 3 persoas.
5. As comparsas e carrozas deberán gardar unha unidade temática tanto no vestiario coma na súa actuación.
6. Os criterios de valoración basearanse na orixinalidade, elaboración e acabados, adaptación e interpretación da temática escollida.

7. O itinerario do desfile, que comezará arredor das 17:00 horas, concentrarase na rúa Xacinto Rodríguez, Praza do Concello e rúa Tedelle.
8. Aqueles grupos que desexen participar cunha coreografía na que precisen a reprodución da música dende o concello deberán presentala cunha hora de antelación.
9. A comunicación dos premios farase no pavillón polideportivo, ao rematar o desfile.
10. O xurado estará composto por 3 persoas como mínimo e sempre número impar.
11. A decisión do xurado é inapelable.
12. Toda persoa/ comparsa/ carroza que non acate as ordes da organización será descualificada e non optará aos premios.
13. A orde do desfile rexerase segundo a data de inscrición.
14. O Concello da Baña non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen os/as participantes deste desfile de Entroido 2017.
15. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.
16. A data límite de inscrición será o día 4 de marzo de 2017 ás 16:00 horas na casa do concello ou nos teléfonos 981 886 501 – 607 577 419.

CONCELLARÍA DE CULTURA

D./D.^a.....
 con NIF..... enderezo en
e teléfono/s.....
 como representante do disfrace/ comparsa ou carroza.....
co dorsal núm.....
 na modalidade de.....

ACEPTO plenamente as bases deste concurso de Entroido 2017.

A Baña, de de 2017

Asdo.: